



**CONCELLO DE POIO**

**Ref: MC (Secretaría)**

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E NOVE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D<sup>a</sup>. Irene Ligeró Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel e como interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3393.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 25/05/2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da acta anterior da sesión ordinaria realizada o 25/05/2010, núm. 438, a que quedou aprobada por unanimidade.

3394.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Polo secretario presente na sesión dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que segue: "3387.- ESCRITO DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA (APDR) SOLICITANDO APROBACIÓN POLO PLENO MUNICIPAL DA RESOLUCION DE APOIO A "MARCHA CONTRA CELULOSAS".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao presidente do ADPR; 3388.- MOCIÓN, DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE MEDIDAS PARA A REDUCCIÓN DE GASTOS XERAIS NO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo

ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3389.- DEPORTES, APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO DE DEPORTES DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao BOP e Diario de Pontevedra para a súa publicación; 3390.- URBANISMO, RATIFICACIÓN DO ACORDO 7965 ADOPTADO POR RAZÓN DE URXENCIA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SÚA REALIZADA O 18 DE MAIO DE 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do expediente ao Departamento de Urbanismo; 3391.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PsdG-PSOE, PROXECTOS E FINANCIAMENTO DOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA DO ANO 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Xunta de Galicia; 3392.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE PRESTA APROBACIÓN Á LIQUIDACIÓN ORZAMENTO EXERCICIO 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención."

A Corporación dáse por enterada.

3395.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo Sr. Secretario dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, ás que estiveron a disposición dos membros da corporación, xunto cos demais asuntos da orde do día; a Corporación dáse por enterada.

3396.-PERSONAL, DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO SECRETARÍA XERAL.- Dáse conta á corporación da Resolución da Dirección Xeral da Administración Local de data 9 de xuño de 2010, polo que se acorda autorizar unha comisión de servizos de carácter temporal ao funcionario D. Jacobo Barreiro Pimentel para o posto de Secretaría de Entrada, no Concello de Poio, en situación de Comisión de Servizos polo prazo máximo dun ano, ata que se produza a reincorporación da titular D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz.

Con data 11 de xuño de 2010, ante o Sr. Alcalde, comparece D. Jacobo Barreiro Pimentel e toma posesión do cargo en virtude das atribucións que lle están conferidas polo artigo 21-1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local e 23 e 30 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da administración local con habilitación de carácter estatal.

A corporación dáse por enterada do nomeamento efectuado pola Dirección Xeral de Administración Local.

3397.-PATRIMONIO, RECURSO DE REPOSICIÓN CAMIÑO DA COSTA, CAMPELO.- Sometido á votación a inclusión do

presente acordo na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha, esta quedou aprobada por unanimidade de asistentes.

Polo Secretario presente na sesión dáse conta do recurso de reposición presentado por D. José García Torres con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello o 25 de maio de 2010, contra o acordo adoptado pola Corporación o 30 de marzo de 2010, numero. 3367 correspondente ao expediente de patrimonio 02/2009 de investigación de oficio sobre cualificación xurídica de posible camiño en Campelo, polo que se acordou declarar que se trata dun camiño público ata a cancela existente que é a zona pavimentada do mesmo, sendo o resto da serventía, manifestando o recorrente que o concello non é competente para a declaración do carácter privado.

O Sr. Alcalde explica o contido do recurso presentado contra o acordo do pleno do 30 de marzo.

A Sra. Nieto García di que o fondo do recurso é sobre a competencia ou non do Concello para declarar que se trata dunha serventía.

O Sr. Barreiro Lubián explica que cando se autorizou o peche da finca deixouse moi claro no acordo que tiña que deixar libre a servidume.

Sometido a votación o recurso presentado a Corporación por unanimidade de asistentes ACORDOU:

**Primeiro:** Desestimar o recurso de reposición interposto por D. José García Torres contra o acordo do Pleno desta Corporación adoptado en sesión realizada o 30 de marzo de 2010, polo que se acordou declarar que o camiño obxecto de investigación que se trata dun camiño ata a cancela existente, que é a zona pavimentada, sendo o resto unha serventía.

**Segundo:** Comunicar este acordo ao recorrente con indicación dos recursos que procedan.

3398.-PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS DESTE CONCELLO DE POIO EN REUNIÓN REALIZADA O DÍA 2 DE XUÑO DE 2010 SOBRE REDUCIÓN RETRIBUCIÓNS A CARGOS POLÍTICOS.- Polo secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xuño de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta da acta da reunión realizada o día 2 de xuño de 2010, pola xunta de voceiros do Concello de Poio, co único punto da orde do día a moción do grupo municipal do

Partido Popular, de data 18 de maio de 2010, instando á redución do soldo dos partidos políticos con dedicación no Concello de Poio nun 10%, e da asignación aos grupos políticos e na contía das asistencias a órganos colexiados nun 10%, na que acordaron que se eleve á consideración do pleno a seguinte proposta: "1º).- Reducir as retribucións por dedicación exclusiva nunha porcentaxe do 6%. 2º).- Reducir as retribucións por dedicación parcial nunha porcentaxe do 4,5%. 3º).- Reducir as asignacións por asistencia a órganos colexiados e as correspondentes a grupos políticos nunha porcentaxe do 5%". Dáse conta tamén do informe da interventora de data 10 de xuño de 2010.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que desa reunión quedou pendente se se facía con carácter retroactivo ou a partir do 1 de xullo de 2010 e que a finalidade é a de disminuir o endebedamento a longo prazo do Concello de Poio e a partir da súa aprobación polo Pleno da Corporación.

O Grupo Municipal do Partido Popular votarán en contra por non tomarse o acordo de supresión dunha dedicación parcial ou a redución da dedicación exclusiva da Primeira Tenete de Alcalde en 10.000 euros.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente os acordos tomados pola xunta de voceiros de data 2 de xuño e propor ao Pleno a súa aprobación."

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xuño de 2010 sobre a proposta dos voceiros de redución das retribucións dos cargos políticos coa finalidade de re reducir o endebedamento este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningunha abstención e 7 votos en contra do PP adoptándose o seguinte acordo, con efectos 1 de xullo de 2010:

Primeiro: Reducir as retribución por dedicación exclusiva nunha porcentaxe do 6%.

Segundo: Reducir as retribucións por dedicación parcial nunha porcentaxe do 4,5%.

Terceiro: Reducir as asignacións por asistencias a órganos colexiados e ás correspondentes por grupos políticos nunha porcentaxe do 5%.

3399.-RATIFICACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO CAMBIO DE FINALIDADE DE PARTE DO EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADA.- Polo Secreario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado, da acta e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de

data 15 de xuño de 2010 que di o que segue: "Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 27 de maio de 2010 e o informe da Interventora municipal de data 2 de xuño de 2010.

A interventora municipal explica o contido da Proposta da Alcaldía e do seu informe manifestando que existe un remanente de crédito para gastos de financiamento afectado por importe de 126.023,76 euros na mesma aplicación 336.61900 procedente dun proxecto consistente en tres actuacións: "Proxecto de tratamento paisaxístico e musealización de petroglifos da área arqueolóxica de A Caeira", "Edificio para o centro de interpretación da Área Arqueolóxica da Caeira, en Poio" e "Programa expositivo de execución, subministración e instalación dos elementos e recursos museográficos do centro arqueolóxico da A Caeira", e precisando proceder á licitación do proxecto de "Urbanización Camiño San Roque e Camiño Laxe" en Combarro, proxecto que ascende a 150.000 euros, pódese dispor do remanente no importe necesario de 87.806,47 euros para a contratación do investimento "Urbanización Camiño San Roque e Camiño da Laxe" e no importe de 38.217,29 euros para as diversas actuacións de restauración de lavadeiros e cruceiros.

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún, o pleno da corporación por unanimidade dáse por enterada da proposta da alcaldía de data 27 de maio de 2010.

3400.-MODIFICACIÓN NÚMERO 12/2010 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas da sesión realizada o 15 de xuño de 2010 e que di o que segue: " Dáse conta da Providencia da Alcaldía e da Memoria da Alcaldía de data 7 de xuño de 2010 e do informe e certificación da Interventora Municipal de data 8 de xuño de 2010.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se trata dunha fiscalización de varias facturas emitidas a nome do Concello de Poio relativas a sufragar gastos relativos a reparación dun hórreo non propiedade do Concello, gastos correntes para a Asociación de amigos da canceira de Poio ...

As facturas presentadas son as seguintes: factura nº 6 de Lores-Lores C.B. En concepto de materiais empregados para hórreo de Combarro, factura nº 2010/015 de Nieto Consultores en concepto de servizos aos veciños afectados por os danos por cabalos, factura nº F/10.220 de gráficas anduriña en concepto de subministración calendarios para a Asociación

amigos da canceira, factura nº A/16 de Cochón y Barros S.L. En concepto de reforma caseta parada taxis todo por importe de 6.700,04 euros e por outra parte ven motivada na necesidade de proceder a levar a cabo investimentos no entorno da Casa-Museo Cristóbal Colón que deberán ser obxecto de contratación para o cal debe dotarse o crédito necesario, por importe de 85.000,00 euros sendo o total de gastos 91.700,04 euros.

Polo tanto as facturas presentadas deberán ser obxecto de reparo por parte desta Intervención en virtude do disposto nos artigos 215 e seguintes do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo correspondendo ao Pleno a resolución da discrepancia presentada por ser o motivo do reparo a insuficiencia de crédito como establece o artigo 217.2.a) do Real Decreto.

O Sr. Dominguez Lino quere manifestar que o seu Grupo Político non entende como sendo un hórreo que non é propiedade do Concello se teña que pagar o arranxo no mesmo e por outro lado tampouco estamos de acordo coa factura dos calendarios da canceira para unha Asociación. Votaremos en contra.

O Sr. Agís Gómez manifesta que esta Asociación colabora co Concello de Poio en todo o tema relacionado coa adopción dos cans e o único que nos podemos contribuír en algo a esa Asociación é a divulgación das actividades que eles fan, é a única axuda que teñen por parte do Concello, calendarios nosos, pagados por nos, diseñados por nos o único que poñen é o seu nome.

O Sr. Piñeiro Murillo di que é un fin social xustificadado.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou distaminar favorablemente dito asunto: 1º) O levantamento do reparo emitido pola intervención municipal e 2º) Aprobación da modificación nº 12/2010 de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais."

Non subcitándose debate ningún e sometido á votación ordinaria polo voto favorable de 10 (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención queda aprobado o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xuño de 2010, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola intervención municipal mediante informe de data 8 de xuño de 2010.

Segundo: Aprobar a modificación número 12/2010 na modalidade crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais que procedan.

3401.-MODIFICACIÓN NÚMERO 13/2010 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas da sesión realizada o 15 de xuño de 2010 polo que por maioría simple de asistentes ditaminou favorablemente o levantamento do reparo emitido pola intervención municipal no seu informe emitido con data 9 de xuño de 2010 en relación coa factura adicional da obra "Rehabilitación da Casa Museo Cristobal Colón" por parte da empresa adxudicataria do investimento contratado ao aberito do Fondo Estatal de Investimento Local 2009 por importe de 10578,49 € e á aprobación da modificación nº 13/2010 de transferencia de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

Non subcitándose debate ningún e sometido á votación ordinaria polo voto favorable de 10 (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP queda aprobado o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xuño de 2010, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola intervención municipal mediante informe de data 8 de xuño de 2010.

Segundo: Aprobar a modificación número 13/2010 na modalidade de transferencia de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais que procedan.

3402.-MODIFICACIÓN NÚMERO 14/2010 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas da sesión realizada o 15 de xuño de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da Memoria da Alcaldía de data 10 de xuño de 2010 e dos informes da Intervención Municipal de data 10 de xuño de 2010 sobre informe de reparo relativo a facturas que constan no expediente e á modificación presupostaria proposta na Memoria da Alcaldía.

O Sr. Domínguez Lino di que seguimos con presupostos irreais e estamos falando xa de mais de 1.000.000 de euros, o seu Grupo Político votará en contra.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que o P.P. debe pensar que temos un peto de formigón armado. Vanse facer

actuacións necesarias que demandan os veciños e incluso do PP. Temos un remanente de tesourería que se pode utilizar.

A Sra. Besada Lores di que son actuacións necesarias para os veciños do municipio.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto: 1º) O levantamento do reparo emitido pola intervención municipal e 2º) Aprobación da modificación nº 14/2010 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais."

Non subcitándose debate ningún e sometido á votación ordinaria polo voto favorable de 10 (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención queda aprobado o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xuño de 2010, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola intervención municipal mediante informe de data 8 de xuño de 2010.

Segundo: Aprobar a modificación número 14/2010 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais que procedan.

3403.-APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 12  
CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ DE ARIAS HERMANOS, SL.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas da sesión realizada o 15 de xuño de 2010 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP, dáse conta do expediente e do informe da Intervención Municipal de data 15 de xuño de 2010 sobre a existencia de crédito suficiente para proceder á aprobación da certificación de obra nº 12 por importe de 11.497,96 euros.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non existindo deliberación polos membros presentes, sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xuño de 2010, este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP,



adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á certificación ordinaria número 12 por importe de 11,497,96 €.

Segundo: Comunicar este acordo á intervención municipal e á Constructora Arias Hermanos, SA con indicación dos recursos que procedan.

3404.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE REXEITAMENTO AO ANUNCIO DO GOBERNO POLO QUE SE PROPÓN A CONXELACIÓN DAS PENSIÓNS.- Dáse conta da moción presentada e que foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas da sesión realizada o 15 de xuño de 2010, emitíndose o seguinte informe: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de data 20 de maio de 2010, na que tras unha ampla exposición de motivos solicitan elevar ao Pleno para a súa consideración a seguinte moción: " 1º) Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas. 2º) Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para renovar os traballos da mesma, a fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que se xan necesarias para que se garanta a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social"

A Comisión por unanimidade de asistentes non emite ditame sobre a moción sendo elevada directamente a consideración do Pleno."

Comeza a quenda de deliberacións a Concelleira Ligerio Iglesias na que explica que as subidas que se están aprobando, tando a do IPC como a do IVE, non teñen sentido que Galicia coas pensións máis baixas ve como o goberno reduce ás pensións nun 5% e pensamos que os pensionistas non teñen culpa da crise, dos dispendios dos Fondos do Plan E e da pouca solvencia económica e da política do presidente de España.

A Sra. Besada Lores di que se alegra de que o PP se preocupe dos pensionistas e a subida do 4% non sabe de onde o sacou e non van dar leccións ao PSOE porque cando o goberno do PP tiña un gasto moito menor que o PSOE (un 54% menos). O partido socialista inviste en becas, dependencia que non existía, en vivenda e polo tanto o PP non pode dar leccións. Non vai baixar as pensións como andan dicindo que é moi distinto a que non se van revalorizar.

Afirma que este tipo de mocións lle parecen demagogia sen sentido.

O PSOE non lle gusta tomar estas medidas pero recordar que a culpa da crise non é do goberno e o Plan E

serviu para crear emprego.

Continua a súa intervención dicindo que Sr. Feijoo pode poñer ese 4% nas pensións que como dice o PP van perder os galegos porque el ten competencias para facelo cos seus orzamentos.

O Sr. Barreiro Lubián di que a moción do PP non contribúe a nada, o lóxico e que uns se plantexen as medidas que van tomar. A min gustaríame saber cales son as medidas que ter o PP para saír desta crise.

Nos últimos anos houbo unha subida coo SME e coas pensión e o mellor estas alzas tomáronse á lixeira.

En España temos un dos tipos de IVE máis baixo de Europa. Nos cremos que se debe de gravar o patrimonio igual que o IRPF. Hai uns anos tiña un 55% como máximo e agora está nun 45% polo que hai marxe para subir os impostos.

Galiza ten as pensións máis baixas. Pois algo terá que dicir o PP sobre isto.

Sometida a votación a moción presentada polo Partido Popular sobre o rexeitamento ao anuncio do goberno polo que se propón a conxelación das pensións esta quedou rexeitada por 7 votos a favor do PP, 10 votos en contra 7 BNG e 3 PSOE e ningunha abstención.

3405.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O REXEITAMENTO A QUE SE SITÚE EN TERREOS DESTE CONCELLO DE POIO A PLANTA INCINERADORA DO SUR DE GALICIA.- Dáse conta da moción presentada e que foi sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión realizada o 15 de xuño de 2010 adoptándose o seguinte informe " Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do contido da moción do mes de xuño de 2010, e que tras unha ampla exposición de motivos presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do Concello: "O Pleno do Concello de Poio acorda dirixirse á Xunta de Galicia para expresar o noso rexeitamento a que se sitúe en terreos deste concello a planta incineradora do sur de Galicia contemplada no Plen de Xestión de Resíduos 2010-2020"

A Comisión por unanimidade de asistentes non emite ditame sobre a moción sendo elevada directamente a consideración do Pleno."

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. besada Lores e di que había unha planta para reciclar os residuos sólidos urbanos e agora estase pensando na incineración e nós no a queremos no municipio de Poio, nos apoiamos a reciclaxe.

O Sr. Domínguez Lino di que non sabe como calificar esta moción por non sabe de onde sae o bulo que crea unha preocupación social fora de lugar.

O Sr. Barreiro Lubián di que os RSU era un tema que parecía que Manuel Fraga xa o tiña solucionado e era evidente que ese sistema non ía a funcionar e inventouse para que Fenosa levara os cartos desta terra e tropezamos coa mesma pedra outra vez e entramos no debate, eu creo que habería que rexeitar a incineradora en calquera parte de Galicia, non se debería permitir polos gases tóxicos que vota e que prexudica á poboación, á mellor mensaxe que debería enviarse é non a unha incineradora.

Sometida á votación a moción presentada polo Partido Socialista esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 3 votos en contra e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Dirixir á xunta de Galicia para expresar o noso rexeitamento a que se situe en terreos deste concello a planta incineradora do sur de Galicia contemplada no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos 2010-2020.

3406.-MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NA CORPORACIÓN CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO.- Dáse conta da moción presentada polo BNG e que foi sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas da sesión realizada o 15 de xuño de 2010 emitíndose o seguinte informe: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do contido da moción de data 10 de xuño de 2010, e que tras unha ampla exposición de motivos, propoñen a adopción polo Pleno da Corporación dos acordos da seguinte moción: " 1. Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras. 2. Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas: a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais. b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro. c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema. Recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das

rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra o fraude e a evasión fiscal. d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto que grave os movementos especulativos de capital. e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas. f) Levar a cabo políticas activas na loita o paro. 3. Instar á Xunta de Galiza a: a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos galegos. b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego."

A Comisión por unanimidade de asistentes non emite ditame sobre a moción sendo elevada directamente a consideración do Pleno."

O Sr. Barreiro Lubián di que se trata dunha moción sobre un decreto de baixada das pensións, salarios funcionarios e recorte das prestacións sociais.

Agora mesmo os expertos obrigánnos a tomar medidas e non sei onde estaban antes cando baixaban os xuros, as cousas non tiñan valor e agora nos din que temos que tomar as medidas que non é mais que unha posta en escea do que vai vir a continuación, recortes en sanidade, educación, salarios do resto dos traballadores... os que están arriba que ganaron cartos naquel momento e que agora están presentando as contas do ano pasado e con resultado de ganancias con respecto ao ano anterior.

Agora mesmo ha que tomar medidas que se poden facer e que están ahí plasmadas pero nin o PP nin o PSOE din nada.

A Sra. besada Lores manifesta que a crise foi provocada polas entidades financeiras pero o PSOE non está de acordo coa moción: o PSOE ten o compromiso de invertir en gasto social de cada 2 € 1 €, hai un compromiso de reducir o despilfarro no gasto público e aumentar a eficacia na xestión do mesmo, as deputacións, se non se usara caciquilmente, serán incluso necesarias, o FMI entendemos que é necesario. Todas estas medidas estou segura que se tomaron con moito pesar do goberno e con respecto á falta de mobilización é porque os cidadáns son responsables coa situación actual.

O Sr. Martínez Blanco di que as deputacións non pintan nada habendo CCAA. Preocúpame como se lle carga desde o estado o "mochuelo" aos concellos. Parece que os concellos arruinaron ao estado e iso ven impulsado desde Madrid. Porque un concello ten que asinar a tres bandas as

subvencións de vivenda (Ministerio, Xunta e Concellos), porque hai 3 organismos cando soamente debería de haber dous e como iso outros ministerios ou dependencias.

Está claro que o PSOE puxo máis cargas sociais, a poboación envelleceu e loxicamente tiveron que subir as pensións; tamén e certo que as pensións pequenas tamén subiron.

O Sr. Agís Gómez di que cando teñen que asinar dous ministerios é porque teñen os cartos. Coas rebaixas plantexadas trátase de reducir gastos e déficit.

A redución dun ministerio supón un aforro insignificante.

As deputacións deben facer as súas funcións que é complementar as carencias dos concello pero vendo o que fai a Deputación de Pontevedra o mellor é que desaparezan.

O Sr. Barreiro Lubián di que o que se pode facer é establecer un Imposto sobre o Patrimonio.

Coas SICAV estase falando de moito carto e non é fácil levalos para fora poque estamos falando doutras cuestións e o estado ten capacidade para controlar.

Suprimir o Ministerio de Vivenda pode supor unha miseria pero hai máis ministerios.

Din que nos envían moitos millóns, hai que ver o que pasou co sector lacteo, pesqueiro e naval.

A Sra. besada di que o problema de España non é a débeda pública é a débeda dos particulares.

Sometida a votación a moción presentada polo BNG esta quedou rexeitada por 7 votos a favor do BNG, 10 votos en contra 7 PP e 3 PSOE e ningunha abstención.

MOCIÓNS URGENTES.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sométese por razón de urxencias os seguintes asuntos:

3407.-SERVIZOS SOCIAIS, DAR CONTA DA EMENDA EXPEDIENTE PLAN CONCERTADO.-Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes e de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do acordo número 8142 adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria realizada o 28 de xuño de 2010 que é o seguinte:

"8142.-SERVIZOS SOCIAIS, EMENDA EXPEDIENTE SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO.-Previa declaración de urxencia ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico

das entidades locais, dáse conta aos asistentes da proposta de data 28 de xuño de 2010 da Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Xuventude que di o seguinte: "Con data 22 de marzo de 2010 , adoptouse acordo da Xunta de Goberno Local por o que se solicitaba a subvención do Plán concertado 2010. acordo que foi ratificado por o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de 30 de marzo de 2010.

Con data 21 de xuño de 2010 , recibíuse requerimento da Secretaria Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e benestar, por a que se solicitaba a enmenda dunha serie de erros detectados na solicitude así coma na documentación achegada, outorgando un prazo de dez días hábiles para proceder subsanación da documentación aportada .

Á vista do anteriormente exposto, coa finalidade de enmendar os erros e aclarar unha serie de aspectos relativos a solicitude da subvención se trae a Xunta de Goberno Local a seguinte proposta.

De acordo coa documentación incorporada ao expediente o Plan Concertado (persoal, mantemento, axuda no fogar, xestión de programas e investimentos de capital) estaría orzamentado nun total de 458.045,36 € dos que a corporación local realizará unha achega de 208.180,75 €, (cantidade que inclúe remanente do exercicio 2009 por importe de 59,51 €), de forma que a axuda solicitada será de 241.319,96 €, correspondendo 19.623,72 € a investimentos de capital, proxecto "Reposición fiestras Centro Servizos Sociais" distribuíndose en sendas achegas do Concello en subvención solicitada por importe de 2.000 € e 17.623,72 € respectivamente.

Obra no expediente informe emitido pola Intervención municipal de data 18 de marzo de 2010.

Obra no expediente Informe da Concelleira de Benestar Social Igualdade e Xuventude , de data 18 de xuño de 2010, e da Interventora feito en función dos datos declarados no antescitado Informe, de data 21 de xuño de 2010, co fin de clarar as cantidades solicitadas por a subvención para o concepto de persoal (Técnico/a grado medio)

En virtude do anteriormente exposto solicito a Xunta de Goberno a adopción de seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Prestar aprobación ao expediente relativo ao Plan Concertado 2010 destinado a servizos sociais comunitarios municipais formado polo departamento de Servizos Sociais ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 19 de febreiro de 2010, publicada no DOG número 40 do 1 de marzo de 2010, pola que se regulamentan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, orzamentados nun total de 458.045,36 € e 61.402,88 € respectivamente, de conformidade cos Anexos formados polo referido departamento

segundo os modelos previstos na Orde que xa foron remitidos a Consellería competente.

**Segundo:** Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da devandita Orde, para servizos sociais comunitarios municipais, unha axuda de 249.864,61 €.

**Terceiro:** Asumir o compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e os investimentos de capital en servizos sociais incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención para o ano 2010 na contía de 208.180,75 € contía que supón unha porcentaxe de 45,45 % sobre o orzamento total do proxecto presentado.

**Cuarto:** Asumir o compromiso de participar no financiamento de investimento de capital denominado "Reposición das fiestras para o Centro Social" pola contía de 2.000,00 € de ser o caso de que lle sexa concedida a subvención solicitada para o que consignará crédito adecuado e suficiente en concepto de achega municipal ao investimento proxectado, contía que supón unha porcentaxe do 10,19 % sobre o orzamento de licitación previsto para o dito investimento.

**Quinto:** Declarar que se seguen a prestar os servizos nas mesmas condicións do ano anterior, garantindo así op desenvolvemento dos programas e prestacións básicas dos servizos sociais de atención primaria municipais.

**Sexto:** Remitir Informe da Concelleira de Benestar Social Igualdade e Xuventude , de data 18 de xuño de 2010, e da Interventora feito en función dos datos declarados no antescitado Informe, de data 21 de xuño de 2010, co fin de clarar as cantidades solicitadas por a subvención para o concepto de persoal (Técnico/a grado medio)

**Sétimo:** Dar conta do presente acordo para o seu coñecemento e cumprimento do trámite previsto na Orde de 19 de febreiro de 2010, ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice.

**Oitavo:** Dar traslado do presente acordo xunto co resto da documentación requirida complementaria incorporada ao expediente á Consellería de Traballo e Benestar dentro do prazo máximo marcado na Orde reguladora da subvención solicitada".

A Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acordou:**

**Primeiro:** Prestar aprobación á proposta reseñada da Concelleira de Besestar Social, Igualdade e Xuventude nos seus propios termos.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e efectos

oportunos".

Non suscitándose debate ningún, a Corporación dáse por enterada do acordo número 8142 adotado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria realizada o 28 de xuño de 2010.

3408.- MOCIÓN DO BNG E PSOE SOBRE PROXECTO PARA O TRAMO DA PO-308 COMPRENDIDO ENTRE ANDURIQUE E A SECA E "PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E URBANIZACIÓN NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE COVELO E RAXÓ".- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 7 abstencións do PP e de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Barreiro Lubián procédese a dar lectura do texto da moción presentada e que remata solicitando da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se inicien os trámites para a licitación do proxecto elaborado pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas para o tramo da PO-308 comprendido entre Andurique e A Seca.

2º.- Que se redacte un proxecto de mellora da seguridade vial e urbanización do tramo da PO-308 comprendido entre Covelo e Raxó para completar a actuación integral na PO-308.

Así mesmo, O Sr. Barreiro Lubián manifesta que nos últimos anos fíxose unha actuación na PO-308 onde se icluiron beirarrúas entre a Pinela e Chancelas e cremos que se debe continuar coas actuacións.

A conselleríua ten un proxecto confeccionado para a mellora desde Andurique á Seca e debido a que como non se move ficha queremos impulsar para que ese proxecto se poña en marcha. Tamén había a intención de mellorar a zona do Covelo a Raxó e cremos que se debería de facer sobre todo cando hai compromisos. Aínda máis cando nos concellos limítrofes hai investimentos millonarios.

A Sra. Besada Lores di que a estrada non ten alternativa e o propio conselleiro confirmounos a supresión da alternativa e ao mesmo tempo non executa os proxectos de seguridade vial. O que pedimos é que se faga un proxecto de seguridade vial de toda a estrada e que se execute por tramos.

O Sr. Domínguez Lino din que estamos de acordo en que a seguridade vial do punto 2 pero descoñecemos o punto 1, o proxecto de Andurique á Seca non o coñecemos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para decir que; respecto ao punto 1º, o xefe territorial dixo aquí que o proxecto está



redactado e valorado e dixo que era cuestión económica executalo. Por parte vosa recolléronse sinaturas para a seguridade vial da zona de Combarro.

Conclúe a súa intervención o Sr.Domínguez Lino emprazando a todos os grupos a facer unha moción conxunta coa finalidade de que se faga un proxecto integral de seguridade vial.

Responde o Sr.Lubián que o que queren é que ao menos se execute o proxecto que xa está feito e que non se demore máis.

Sometido á votación a moción presentada esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 abstencións e ningún voto en contra. A continuación o Sr.Domínguez Lino solicita unha intervención explicativa do voto do seu grupo ; procedendo a explicar que o seu grupo se absten na votación , dado que non coñecen o contido do proxecto o que se refire o punto 1 da moción , estando de acordo no referente o punto 2 da mesma. Adoptándose o seguinte acordo:

1º.- Que se inicien os trámites para a licitación do proxecto elaborado pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas para o tramo da PO-308 comprendido entre Andurique e A Seca.

2º.- Que se redacte un proxecto de mellora da seguridade vial e urbanización do tramo da PO-308 comprendido entre Covelo e Raxó para completar a actuación integral na PO-308.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.